

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 17/03/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 18:00 do día 17/03/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o Exercicio 2022, Anexo de Investimentos, Operación de Crédito que o financia, así como Cadro de Persoal e Oferta de Emprego Público.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

Antes de iniciar a sesión por parte do Sr. Alcalde Presidente procédese a dar a benvinda á Sra. Interventora Dona Montserrat Cores Vázquez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM PARA O EXERCICIO 2022, ANEXO DE INVESTIMENTOS, OPERACIÓN DE CRÉDITO QUE O FINANCIJA, ASÍ COMO CADRO DE PERSOAL E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 17 de marzo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral, a aprobación do teito de gasto non financeiro e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2022 cun importe consolidado que ascende a 31.502.634,78 euros, no Estado de Ingresos, e 31.502.634,78 euros, no Estado de Gastos, cun superávit por tanto de 0 euros, acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao exercicio anterior.

A elaboración do Orzamento constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, que nunha situación de normalidade debe realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e crecemento económico controlado, obxectivos fiscais coherentes coa normativa europea.

Sen embargo, considerando que estamos na etapa de inicio da superación da grave crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia do COVID19, e continuando suspensas as regras fiscais para que as administracións públicas poidamos afrontar políticas que den cobertura as novas necesidades da situación de transición na que nos atopamos, elaborase un orzamento que pretende responder aos reforzo necesario dos servizos básicos e esenciais así como o apoio aos máis necesitados, sen renunciar a establecer o camiño da recuperación da normalidade en termos de orzamentos e de actividade do Concello.

E por iso que os orzamentos para o exercicio 2022, se ben tratan de manterse dentro dos principios consagrados na LOEOSF 2/2012, amparándose na súa suspensión, afrontan liñas de actuacións que permitan recuperar a senda da normalidade, esperando que de cara o vindeiro 2023 a situación se teña reconducido.

Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2022 refírese ao contido material do proxecto de Orzamento, debéndose efectuar as consideracións que seguidamente se expresan.

O Orzamento segue a recoller un forte carácter social ao aumentar as políticas de benestar social e as axudas precisas para a poboación máis vulnerable, así como políticas de impulso económico, de emprego e de emprendemento, sen esquencer a dotación de máis recursos a departamentos que no anterior orzamento viron reducidas as consignacións a consecuencia da menor actividade, tales como Cultura, Deportes...etc. Tamén dotase dos investimentos necesarios para o mantemento e mellora das nosas infraestruturas co fin de poder ofrecer uns servizos de calidade.

O orzamento para o exercicio 2022 responde á realidade socio-económica, dentro dun marco orzamentario a medio prazo de tres anos (2021-2023) imprevisible e que obrigadamente se separa das liñas orzamentarias fundamentais para o 2022 aprobadas en setembro de 2020, debido ao cambio normativo operado na materia e que derivou entre outras cuestións, na suspensión do noso Plan Económico financeiro.

Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación se confeccionaron tendo en conta os seguintes fundamentos:

- Liquidación do exercicio 2020.
- Avance liquidación do exercicio 2021.
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- A valoración do cadro de persoal incluída a posible aprobación da RPT(Relación de Postos de Traballo).
- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos, incluídos os de carácter plurianual.
- A cuantificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal e xuros (carga financeira para o exercicio 2022).
- O teito de gasto non financeiro para 2022.

Os orzamentos municipais para o exercicio 2022 preséntanse equilibrados, asemade cúmprese co principio de non afectación de Ingresos e Gastos, salvo nos casos previstos na Lei.

Procédese a continuación a sinalar as cuestións máis destacables en materia de gastos e ingresos

1. ESTADO DE GASTO:

Orzamento de gastos do Concello para o exercicio 2022 aumenta un 0,38% con respecto ao Orzamento de gastos do exercicio 2021. Os créditos iniciais do 2021 por importe de 31.325.000,00€ aumentan en 118.619,78 euros, resultando un orzamento de gastos que ascende a 31.443.619,78€, no que nun principio parece pouco incremento debe terse en conta que a concertación de préstamo baixa de 3.500.000,00 € a 850.000,00 € o que aplicando este axuste o orzamento para 2022 crece con respecto ao anterior en 2.650.000,00 € máis sobre o incremento citado anteriormente:

CAPÍTULO	2022	2021	DIFERENCIA	%
GASTOS DE PERSONAL	12.440.278,70	11.598.043,72	842.234,98	7,26
GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	13.362.817,62	11.583.703,23	1.779.114,39	15,36
GASTOS FINANCIEROS	30.212,22	25.213,23	4.998,99	19,83
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	3.040.029,37	3.172.326,13	-132.296,76	-4,17
FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	40.000,00	40.000,00		0,00
GASTOS CORRIENTES				
INVERSIONES REALES	1.437.943,81	3.791.344,06	-2.353.400,25	-62,07
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	95.000,00	149.315,00	-54.315,00	-36,38
GASTOS DE CAPITAL				
ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00	150.000,00		0,00
PASIVOS FINANCIEROS	847.338,06	815.054,63	32.283,43	3,96
	31.443.619,78	31.325.000,00	118.619,78	0,38

CAPÍTULO I-GASTOS DE PERSOAL:

Dentro do marco da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2022, o gasto de persoal increméntase nun 7,26% principalmente como consecuencia da dotación inicial do crédito preciso para afrontar o incremento salarial do 2% permitido pola LOXE para 2022, pero tamén do incremento da dotación para aportacións o plan de pensións do persoal municipal que se actualiza en base á evolución do IPC.

Tamén obedece o incremento, a dotación orzamentaria para creación de novas prazas e incremento das achegas municipais a planes de emprego, contratacións temporais, e obradoiros de emprego. Por último tamén dotase o crédito necesario para afrontar a anualidade 2022 da aplicación da aprobación da Relación de Postos de Traballo.

Considerando as necesidades prioritarias en determinadas área e departamentos, segundo a capacidade de auto-organización que corresponde a esta Administración, procedeuse á reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama e relación de postos de traballo que se adxunta a esta memoria, sendo as principais medidas adoptadas as seguintes:

1. ADMINISTRACIÓN: informática e sistemas de información

Reconverter unha praza actualmente vacante do Subgrupo C1, en unha praza do Grupo A, subgrupo A2, de Administración Especial Técnico Superior de Informática.

(Incremento de retribucións: 6.922,84€

Incremento SS empresa: 2.071,32€)

2. SERVIZOS SOCIAIS

A Xunta de Galicia ven de aproba no marco do Plan Concertado de xestión dos Servizos sociais Comunitarios dos novos postos de traballo seguintes:

1 Traballador/a Social

1. Educador/a Social

3. OEP

- 1 Praza de Traballador/a Social (Subgrupo A2)
- 1 Praza de Educador/a Social (Subgrupo A2).
- 1 Praza de Técnico Superior Informática (Subgrupo A2)

4. PLAN DE PENSIÓN

Actualmente e logo da recuperación progresiva de anos anteriores a aportación mensual individual municipal é de 36,09€/mes. O acordó de negociación colectiva vixente (Acordo Marco e Convenio Colectivo) establece no artigo 71 a obriga de actualización dos importe segundo o IPC acumulado a decembro de 2021 é que é do 4%, por elo procede actualizar dito importe polo periodo ata decembro do ano 2021, o que supón que aportación individual anual para o ano 2022

sería de 37,53€/mes, o que supón un incremento total das achegas respecto ao ano 2021 de 4.712,16€ anuais.

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 305 prazas e 3 postos de persoal eventual: (total 308), non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións:

- Funcionarios de carreira 235
- Persoal laboral 70
- Persoal Eventual 3

Mantense o crédito dotado no grupo de programa 920, para facer fronte ós posibles custos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a bolsa xenérica co fin de cubrir necesidades urxentes e inaprazables de persoal por acumulación de tarefas, baixas do persoal, necesidades de reforzo en determinados servizos.

En todo caso, ditos nomeamentos deberán axustarse ao disposto na LOXE vixente.

Por outra banda, esta Alcaldía e os concelleiros con dedicación exclusiva percibirán as retribucións que foron aprobadas no pleno organizativo do 27 de xuño do 2020.

Este capítulo, increméntase un 7,26 % con respecto ao Orzamento do 2021, representa un 39,56% do total do orzamento pero segue situándose por debaixo do 40% .

CAPÍTULO II- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

En termos comparativos, prodúcese un incremento de gastos correntes nun 15,36 % con respecto ao Orzamento do exercicio 2021, representando un 42,50% sobre o total do orzamento de gastos, o que responde a prioridade de retomar a actividade normal do Concello, impulsando novamente as actuacións e políticas en todas as áreas sen esquecer os esforzos que se deban facer para manter a loita contra os efectos da pandemia.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Asimesmo, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento e arranxos nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencias técnicas como son a xurídica e de enxeñería no programa de Oficina Técnica...etc

Todo elo sen prexuízo de moitas outras licitacións que quedan pendentes tales como teléfono, combustibles e carburantes,.....etc.

Retomase polo tanto a actividade en programas como Turismo, Actividades Culturais e Festexos, que se viron reducidos no anterior exercicio.

O proxecto de orzamento 2022 novamente pode dar cobertura a gastos excepcionais tales como revisións de prezos de contratos de xestión de servizos e expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, (divisionaria 77).

Se dota no capítulo 2 de gastos os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións das Escolas Infantís de Carril, Vilaxoan ao abeiro dos Convenios asinados co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

Na aplicación 929-22699 mantense crédito á vista do gasto realizado no 2021 para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial, sancións e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

CAPÍTULO III. –GASTOS FINANCEIROS

Recolle os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas.(Estado da Débeda facilitado pola Tesourería municipal).

Tamén recolle o crédito para comisións financeiras e xuros de demora.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións correntes. Nas bases de Execución do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ao Capítulo 4 de Gasto a conceder durante o exercicio 2022 sendo o importe total de 269.600,00 €.

Esta área increméntase nun 9,67% debido principalmente á dotación de crédito para axudas da

área social, así como á Fundación de Deportes. Supriméanse as axudas ao comercio e hostalaría polas perdas derivadas das restricións impostas para paliar os efectos da COVID19, (200.000,00€), pero apostase por políticas de creación de emprego e emprendemento.

O resto do incremento obedece a aumento da aportación as cotas da Escola Infantil de Vilagarcía pola gratuidade do 2º fillo así como a lixeiros incrementos na dotacións para becas o estudo.

Seguen a dotarse as aplicacións de axudas de emerxencia de pago único de corrente, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais. Auméntanse as subvencións nominativas incorporando novas entidade na área de Benestar Social.

Se continua na liña de fomento do transporte público pero reducece en 25.000 €, quedando a dotación en 45.000 € debido a que a Xunta faise cargo do transporte ao Hospital do Salnés.

Mantense a dotación para a subvención a favor da Banda de Música Municipal, da Asociación Protectora de Animais, así como para as Mancomunidades de Montes para labores de mantemento e desbroce dentro do programa de Medio Ambiente.

Mantense unha dotación para programas de axudas a creación de emprego no programa 241.

A aplicación orzamentaria máis significativa segue a ser a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes que ascende en 120.000 € con respecto ó 2021.

CAPÍTULO V- FONDO DE CONTINXENCIA

Xa dende o exercicio 2017, como consecuencia da cancelación do Plan de Axuste, deixou de ser obrigatorio a consignación inicial dun fondo de continxencia equivalente o 0,5% da total dos gastos non financeiros (Cap. 1, 2 e 4), tal e como establecía o artigo 18.4 do RD 8/2013 , de 28 de xuño; non obstante este equipo de goberno seguiu a dotar de crédito este capítulo co fin de contar sempre cunha marxe de actuación que asegúrase a nosa solvencia fronte a situacións excepcionais.

A pandemia pola COVID19 representa en si mesma una situación de excepcionalidade permanente que obriga a este equipo de goberno a reducir a habitual dotación deste capítulo en aras doutros gastos certos e prioritarios, se ben igualmente consígnase unha pequena contía co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional para as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500, polo importe de 40.000 €.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 31ª das BEO 2021.

CAPÍTULO VI- INVERSIÓNS REAIS

Redúcese o capítulo VI, de inversións que pasa a ser de 1.407.943,81 € dentro do que se inclúe a previsión da concertación dunha operación de crédito de 850.000 €, financiándose con recursos propios a cantidade de 557.943,81 €. A operación de préstamo financia un 60,37% do anexo de investimentos o que representa un maior esforzo do recursos propios do concello para afrontar os investimentos en relación ao anterior orzamento, cunha porcentaxe de 39,63 % e que se destina non só para afrontar gastos de inversión recorrentes ou de reposición senon tamén a financiar novos proxectos de inversión.

A porcentaxe restante do Anexo (39,63%), financiada con recursos propios, se destina a diversos investimentos, principalmente ao financiamento da redacción de proxectos de inversión, direccións de obra e coordinacións de seguridade e saúde, (aplicación 150-640), así como o último pago do contrato de compra-venda do inmovible do antigo Liceo Casino.

Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o 4,57% do total do Orzamento.

Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

En relación coas transferencias de capital mantense a dotación para a subvención de capital derivada do Convenio de colaboración que cada ano asínase co Padroado da Banda Municipal de Música por importe de 7.500,00€.

Dotase por 7.500,00€ a aplicación presupostaria para actuacións en materia de memoria histórica en bens inmoables que non son propiedade municipal, de aí a súa consignación como transferencia de capital.

Mantense crédito para axudas de emerxencia para gastos hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001.

Representa un 0,30% sobre o total do orzamento.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCIEROS

En correlación có capítulo 8 de ingresos, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior e representando un 0,48% sobre o total do orzamento.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCIEROS

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación realízase pola Tesourería Municipal sobre a base dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias confeccionando o Estado da Débeda para o 2022.

Este capítulo vese aumentado respecto o 2021 nun 3,96% como consecuencia da operación de crédito concertada no anterior exercicio

Non se engaden cotas de amortización para a operación proxectada, sendo a primeira amortización no exercicio 2023. Nembargantes engadese a primeira cota de amortización do préstamo concertado no exercicio 2021 e que tivo o vencemento a finais do exercicio 2021.

Remítome o Estado da Débeda confeccionado polo Departamento de Tesourería.

2. ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	2022	2021	DIFERENCIA	%
IMPOSTOS DIRECTOS	11.237.068,43	10.899.259,62	337.808,81	3,10
IMPOSTOS INDIRECTOS	592.361,26	357.359,29	235.001,97	65,76
TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	6.065.029,18	5.510.853,64	554.175,54	10,06
TRANSFERENCIAS CORRENTES	12.539.471,68	10.897.838,22	1.641.633,46	15,06
INGRESOS PATRIMONIAIS	9.689,23	9.689,23		0,00
INGRESOS CORRENTES				
ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS				0,00
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL				0,00
GASTOS CORRENTES				
ACTIVOS FINANCIEROS	150.000,00	150.000,00		0,00
PASIVOS FINANCIEROS	850.000,00	3.500.000,00	-2.650.000,00	-75,71
	31.443.619,78	31.325.000,00	118.619,78	0,38

O Orzamento de ingresos para o exercicio 2022 aumenta un 0,38% con respecto ao Orzamento de ingresos do exercicio 2021. As previsións iniciais do 2021 aumentan 118.619,00, de forma que as previsións iniciais para o 2022 son de 31.443.619,78€, debendo facerse a mesma apreciación que para gastos en relación a redución da operación de préstamo de 3.500.000 € que pasa a ser de 850.000 € e polo tanto supón o aumento doutros recursos do Concello.

CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS

Neste capítulo recóllense os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana , increméntase en cómputo global nun 3,10% representando un 35,73% do tal do Estado de ingresos.

A elaboración das previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos fíxose sobre a base do informe confeccionado pola Tesourería Municipal e que consta no expediente.

O capítulo 1 experimentan un incremento de 337.808,81€ pese a que non se opera ningunha subida fiscal, debido á subida derivada da propia ponencia de valores do IBI e a propia evolución dos impostos que permite paliar dita conxelación impositiva.

CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS

Este capítulo baseado exclusivamente no ICIO aumentase nun 65,76%, tomando como referencia as previsións da Tesoureira baseadas en criterios de prudencia:

O importe dos DRN neste concepto responde a expedientes con incidencia puntual no exercicio tomado como referencia que en modo algún poden pasar a adquirir a natureza de estruturais, e non a unha mellora na actividade económica que permita considera-los como estruturais, de feito

este exercicio 2022 aumentase en función dos dereitos recoñecidos no exercicio anterior . Deberá facerse un control para estes conceptos de ingresos nos informes de seguimento de execución do orzamento coa finalidade de ver si se cumpren as previsións ou é necesario tomar as medidas correctivas que sexan precisas en aras da estabilidade orzamentaria e responsabilidade fiscal e financeira. A pesar do citado anteriormente este capítulo aumenta en base a paulatina recuperación económica.

CAPÍTULO III- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Tal e como se establece na Memoria da alcaldía para este exercicio 2022, este é un dos capítulos que sofre un incremento vencellado a aqueles conceptos vencellados con actividades culturais, ocio e lecer deportivo...etc, que empezan a recuperarse tras a pandemia.

Por outro lado se aumenta a previsión de ingresos por ocupación da vía pública con mesas e cadeiras como consecuencia da volta a actividade no 2022.

Este capítulo orzamentouse en base ao informe da Tesoureira municipal obrante no expediente que ten en conta ditas medidas.

En cómputo global este capítulo experimentan un incremento de 10,06 %, aumentando en 554.175,54 € o que significa a recuperación con respecto a minoración do exercicio 2021.

Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería, agás nos conceptos referidos ao prezo público polo servizo de axuda a domicilio (SAF) e Escola Municipal de Música, así como á taxa do Conservatorio, nos que se tomou como referencia os informes remitidos polos servizos.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados ao cofinanciamento de determinados servizos.

Debese destacar o aumento da participación dos tributos do estado, en canto a que xa non temos os reintegros de anteriores liquidacións definitivas negativas (2008 e 2009).

Por outro lado prevese un novo concepto de ingresos (42001) para recoller a compensación ás Entidades Locais polo efecto da imprantación do Suministro Inmediato de Información do IVE (SII IVA) na participación dos tributos do estado de 2017.

Establécese con carácter definitivo, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, denominada Fondo de Cooperación Local, mantendose a mesma cantidade consignada no 2021 en base a derradeira comunicación recibida da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda.

En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse en base aos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizo de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil , ADL, Conservatorio, Escola de Música, Aula Cemit.....etc.

Este capítulo experimenta un incremento global do 15,06%.

CAPÍTULO V- INGRESOS PATRIMONIAIS

Se consignan unhas previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por cánones de explotación de bens de titularidade municipal practicamente idénticas ao exercicio 2021.

Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

CAPÍTULO VI- ALLEACIÓN DE INVERSIÓN REAIS

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital trátanse de recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO.

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Se prevé a concertación dunha operación de crédito afectado o seu Anexo de Investimentos por importe de 850.000,00 €, supoñendo unha forte redución desta fonte de recursos con respecto ao exercicio anterior que ascendeu a 3.500.000 €.

C) BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2022 sofren algunhas modificacións que se describen a continuación:

- Modifícanse a base 8ª relativa ás normas xerais, para recoller o informe do Tribunal de Contas en canto a interpretación sobre o recoñecemento extraxudicial de créditos e o que se pode aplicar ao exercicio corrente procedente de exercicios anteriores
- Modifícase a base 9ª para recoller un procedemento máis axil en relación aos créditos de proxectos de activación económica, de emprego, de emprendemento e sobre todo en realción ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).
- Modifícase a base 11ª para recoller os novos grupos de función, cambios realizados e novos conceptos económicos.
- Modifícase a base 20ª para establecer un sistema de propostas de gastos mais acorde coa entidade do concello de Vilagarcía de Arousa.
- Modifícase a base 21ª para unha regulación máis actualizada da execución orzamentaria e mais coherente coa fiscalización previa limitada establecida neste concello.
- Modifícase a Base 25ª para relativa a gastos non inventariables, puntualizando algúns aspectos do procedemento.
- Modifícase a base 28ª para establecer unha temporalidade na tramitación dalgún expediente e para recoller a posible aprobación da RPT.
- Modifícase a base 50ª para aclarar a xustificación de gastos de dietas.
- Modifícase a base 51ª para recoller o cumprimento da lexislación en relación a Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).
- Modifícase a base 55ª para indicar a prorroga da suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022.

D) TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO:

A LOEOSF obriga á aprobación dun teito de gasto non financeiro para cada exercicio.

Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 31 da Lei 20/2012 establece:

“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)”.

Como se explica no informa da Intervención Municipal e no inicio da presente Memoria, dende o 20 de outubro de 2020, pese a suspensión dos obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e da regra de gasto para o período 2020-2021, segue a resultar necesario aprobar un límite de gasto no financeiro de conformidade có art. 30 da LOEPSF, polo que se aprobará ese teito sen que o mesmo veña limitado ou condicionado pola regra de gasto e unicamente virá limitado polo total de ingresos non financeiros e a nivelación presupostaria do TRLRL, en canto a que os ingresos correntes deben dar cobertura os gastos correntes e os gastos de amortización de débeda.

En definitiva, debe aprobarse igualmente un teito de gasto non financeiro, sen verificar que cumpre có obxectivo de estabilidade nin coa regra del gasto.

O teito de gasto non financeiro consolidado para o 2022, dentro do límite dos INGRESOS NON FINANCEIROS e coherente có principio de nivelación orzamentaria e ascende a 30.502.634,78 €:

CONCLUSIONES:

O Orzamento que se presenta a aprobación representa un primeiro avance cara a recuperación da actividade social e económica tras o grave escenario sufrido nos exercicios precedentes, e polo tanto a recuperación da actividade do Concello, non obstante segue a manterse as políticas sociais de apoio aos mais vulnerables, sen desatender o impulso do emprego e do emprendemento.

Segue a ser primordial a vertente social da nosa xestión mediante o incremento das dotacións

para axudas, becas e subvencións nominativas, así como para a prestacións de servizos no ámbito do benestar social, igualdade.

Presentamos uns Orzamentos para o exercicio 2022 onde as distintas áreas comezan a impulsar os programas, actividades e plans de cada departamento para afrontar a maior demanda da cidadanía despois de dous anos de freno da actividade ordinaria dos servizos non relacionados coa atención á emerxencia sanitaria.

O proxecto de orzamento 2022 recolle unhas previsións de ingresos correntes reais e prudentes, suficientes para a cobertura os gastos crecentes nas actuacións propias do concello, así como atender os servizos mais esenciais, sendo imprescindible acudir o endebedamento financeiro para poder acometer determinados investimentos que completan os establecidos no exercicio anterior.

Trátase dun orzamento equilibrado que pretende iniciar a senda da paulatina recuperación da actividade nos distintos eidos da vida municipal.

En base ao exposto propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. A aprobación do Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2022 que ascende a 31.502.634,78 euros no Estado de Ingresos e 31.502.634,78 euros no Estado de Gastos, e que engade una operación de préstamo a longo prazo por importe de 850.000,00€.
2. Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2022, que ascende en termos consolidados a 30.502.634,78 €.
3. Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2022, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas.

Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2022 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

- 1 Praza de Traballador/a Social (Subgrupo A2)
 - 1 Praza de Educador/a Social (Subgrupo A2).
 - 1 Praza de Técnico Superior Informática (Subgrupo A2)
4. Aprobar a consignación establecida para este exercicio para a aplicación da aprobación da RPT.

Dáse conta da Proposta da Alcaldía-presidencia do seguinte teor:

PROPOSTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: CADRO DE PERSOAL (PLANTILLA) E ANEXO PERSOAL, VALORACIÓN ORZAMENTARIA ANO 2022:

Visto o cadro de persoal existente no Concello e as asignacións de postos de traballo a os distintos servizos, así como os cometidos desempeñados e requiridos polas necesidades de servizo público, resulta:

Funcionarios de carreira 235

Persoal laboral 70

Persoal Eventual 3

O total do cadro de persoal (Plantilla) ascende a 305 prazas e 3 postos de persoal eventual: (total 308), non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

Considerando as necesidades prioritarias de contar con persoal suficiente en determinadas área e departamentos segundo a capacidade de auto organización que corresponde a esta Administración, procedeuse á reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama que se adxunta a esta proposta.

ADMINISTRACIÓN: informática e sistemas de información

Reconverter unha praza actualmente vacante do Subgrupo C1, en unha praza do Grupo A, subgrupo A2, de Administración Especial Técnico Superior de Informática.

(Incremento de retribucións: 6.922,84€ Incremento SS empresa: 2.071,32€)

SERVIZOS SOCIAIS

A Xunta de Galicia ven de aproba no marco do Plan Concertado de xestión dos Servizos sociais

Comunitarios dos novos postos de traballo seguintes:

1 Traballador/a Social

1 Educador/a Social

OEP

Considerando as vacantes existentes e previstas na relación de Postos de Traballo e as correspondentes prazas vencelladas do Cadro de Persoal, propónse ao Pleno do Concello habilitar a seguinte Oferta de Emprego Público para a anualidade 2022: OEP 2022

1 Praza de Traballador/a Social (Subgrupo A2)

1 Praza de Educador/a Social (Subgrupo A2).

1 Praza de Técnico Superior Informática (Subgrupo A2)

PLAN DE PENSIÓNS

Actualmente e logo da recuperación progresiva de anos anteriores a aportación mensual individual municipal é de 36,09€/mes. O acordo de negociación colectiva vixente (Acordo Marco e Convenio Colectivo) establece no artigo 71 a obriga de actualización dos importe segundo o IPC acumulado a decembro de 2021 é que é do 4%, por elo procede actualizar dito importe polo período ata decembro do ano 2021, o que supón que a aportación individual anual para o ano 2022 sería de 37,53€/mes, o que supón un incremento total das achegas respecto ao ano 2021 de 4.712,16€ anuais.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A disposición Adicional quinta do vixente Cordo Marco regulador establece a obriga de elaboración dunha nova RPT có correspondente catálogo de postos e valoración dos postos de traballo.

O “Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público“ no artigo 74 establece:

“Artículo 74. Ordenación de los puestos de trabajo.

Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.”

O documento DEFINITIVO que se corresponde có remate final dos traballos encargados, e presentado pola contratista GALIVALIA CONSULSTAGO, SL correspondente ao contrato de servizos consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análises, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa.

De dita documentación e valoración de postos de traballo resulta un custe total considerando os postos actualmente existente na RPT e cadro de Persoal de 470.321,32€, sendo necesario para a aplicación de dita valoración proceder a periodificación da mesma e a aplicación dun 40% de dito importe no ano 2022.

Considerando o disposto na lexislación de aplicación exposta, e na procura do mantemento dos servizos públicos esenciais, así como na consecución da eficacia e eficiencia na prestación dos mesmos, con atención á realidade económica e a evolución inmediata da mesma procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, titulación, situación, formación, etc... conforme modelo da Resolución de 20 de xaneiro 1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e relación de postos de persoal eventual.

En consecuencia, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla), coas súas retribucións para o ano 2022 (incremento xeral do 2% previsto en LPGE), que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as

modificacións expostas.

2.- Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2022 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

1 Praza de Traballador/a Social (Subgrupo A2)

1 Praza de Educadora Social (Subgrupo A2)

1 Praza de Técnico Superior Informática (Subgrupo A2)

3.- Proceder a actualización do importe da achega municipal ao plan de pensións segundo o IPC e o previsto no acordo de negociación colectiva vixente (Acordo marco e Convenio Colectivo) que establece no artigo 71, o que supón que aportación individual anual para o ano 2022 sería de 37,53€/mes, cun incremento global total das achegas respecto ao ano 2021 de 4.712,16€ anuais.

5.- Publicar o cadro de persoal integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

Nembargante a Corporación acordará o que estime pertinente.

Vilagarcía de Arousa

O Alcalde-Presidente

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2022, Anexo de Investimentos, Operación de Crédito que o financia, así como o cadro de persoal e oferta de emprego público.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11), dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos, e catro votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (3) e Vilagarcía en Común (1)
ACÓRDASE: Por maioría:

1.- Aprobar o Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2022 que ascende a 31.502.634,78 euros no Estado de Ingresos e 31.502.634,78 euros no Estado de Gastos, e que engade una operación de préstamo a longo prazo por importe de 850.000,00€.

ORZAMENTO 2022 CONSOLIDADE POR CAPÍTULOS

RESUMO XERAL ORZAMENTO CONSOLIDADO 2022

ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
C AP	DENOM INA CION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A .A .	TOTAL	ELIMINACIONS	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		CI	CI	CI		
	A)OP ERACION CORRENTES	28.913.337,91	1.265.515,00	30.178.852,91	1.210.000,00	28.968.852,91
1	Gastos de persoal	12.440.278,70	543.590,00	12.983.868,70	0	12.983.868,70
2	Gastos bens correntes	13.362.817,62	587.515,00	13.950.332,62	0	13.950.332,62
3	Gastos financeiros	30.212,22	50,00	30.262,22	0	30.262,22
4	Transferencias correntes	3.040.029,37	134.360,00	3.174.389,37	1.210.000,00	1.964.389,37
5	Fondo continxencia	40.000,00	0,00	40.000,00		40.000,00
	B)OP ERACIONS DE CAPITAL	1.532.943,81	3.500,00	1.536.443,81	0,00	1.536.443,81
6	Inversións reais	1.437.943,81	3.500,00	1.441.443,81	0,00	1.441.443,81
7	Transferencias de capital	95.000,00	0,00	95.000,00	0,00	95.000,00
	C)OP ERACIONS FINANCIERAS	997.338,06	0,00	997.338,06	0,00	997.338,06
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0	150.000,00
9	Pasivos financeiros	847.338,06	0,00	847.338,06	0	847.338,06
	TOTAL	31.443.619,78	1.269.015,00	32.712.634,78	1.210.000,00	31.502.634,78

ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A .A .	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		P I	P I	P I		
	A)OP ERACION CORRENTES	30.443.619,78	1.269.015,00	31.712.634,78	1.210.000,00	30.502.634,78
1	Impostos directos	11.237.068,43	0,00	11.237.068,43	0,00	11.237.068,43
2	Impostos indirectos	592.361,26	0,00	592.361,26	0,00	592.361,26
3	Taxas, Prezos Públicos e outros INGRESOS	6.065.029,18	40.010,00	6.105.039,18	0,00	6.105.039,18
4	Transferencias correntes	12.539.471,68	1.229.000,00	13.768.471,68	1.210.000,00	12.558.471,68
5	Ingresos patrimoniais	9.689,23	5,00	9.694,23	0,00	9.694,23
	B)OP ERACIONES DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	C)OP ERACIONES FINANCIERAS	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	850.000,00	0,00	850.000,00	0,00	850.000,00
	TOTAL	31.443.619,78	1.269.015,00	32.712.634,78	1.210.000,00	31.502.634,78

ORZAMENTO 2022 CONSOLIDADO POR ÁREAS DE GASTO

ORZAMENTO CONSOLIDADO POR PROGRAMAS 2022

AG	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	OO.AA.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
0	DÉBEDA PÚBLICA	872.550,28	0,00	872.550,28	0,00	872.550,28
1	SS.PBLCOS. BÁSICOS	12.951.255,82	0,00	12.951.255,82	0,00	12.951.255,82
2	A.PROT. E PROMO SOCIAL	4.892.083,65	0,00	4.892.083,65	0,00	4.892.083,65
3	PROD. BENS. PBLCS CAR. PREF	6.556.846,16	1.269.015,00	7.825.861,16	1.210.000,00	6.615.861,16
4	ACTUACIÓN DE CAR.ECONÓMICO	1.220.049,61	0,00	1.220.049,61	0,00	1.220.049,61
9	ACTUAC. CARÁCT. XERAL	4.950.834,26	0,00	4.950.834,26	0,00	4.950.834,26
TOTAL		31.443.619,78	1.269.015,00	32.712.634,78	1.210.000,00	31.502.634,78

2.- Aprobar Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2022, que ascende en termos consolidados a 30.502.634,78 €.

VERIFICACIÓN PPIO NIVELACIÓN	
CAP1+2+3+4+9 GASTOS	29.776.190,97
TOTAL INGRESOS CORRENTES	30.502.634,78
TOTAL INGRESOS NON Fº	30.502.634,78
TEITO DE GASTO NON FINACEIRO 2022	30.502.634,78

3.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2022, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas.

4.- Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2022 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

- 1 Praza de Traballador/a Social (Subgrupo A2)
- 1 Praza de Educador/a Social (Subgrupo A2).
- 1 Praza de Técnico Superior Informática (Subgrupo A2)

5.- Aprobar a consignación establecida para este exercicio para a aplicación da aprobación da RPT., que ascende a un 40% para o exercicio 2022. Importe total 470.321,32 € (188.128,53 € = 40%).

6.- Aprobar a consignación establecida para este exercicio para o Plan de Pensións, actualizando

o importe cun incremento do 4% (IPC acumulado a decembro de 2021), resultando aportación individual. anual para o ano 2022 de 37,53 €/mes, o que supón un incremento das achegas respecto ao ano 2021 de 4.712,16 €/anuais.

7.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral do ano 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220317&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:50, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.